

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA E O CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE DO VIAL OU-0701

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

O vial OU-0701 de titularidade municipal, é un importante eixe vertebrador do municipio xa que nas súas beiras atópanse varios edificios de uso social, aínda que o máis necesitado da actuación é o CEIP San Martiño. A contorna do colexio carece de beirarrúas, paso de peóns e dunha iluminación axeitada. Os rapaces e as súas familias deben acceder pola calzada co grave risco que esta actuación conleva. En dito vial tamén se atopan un albergue de peregríns e un viviero de empresas, así como unha residencia que está en construción.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

As actuacións obxecto deste convenio consisten na instalación de beirarrúas, dun paso de peóns e da mellora da iluminación no entorno do colexio CEIP San Martiño.

A infancia é un colectivo que merece unha especial protección pola súa vulnerabilidade e tamén porque están nunha etapa esencial para adquirir hábitos correctos de conduta social, como son o cumprimento e respecto das normas de seguridade viaria. Sen embargo, eses rapaces e as súas familias vense na obriga diaria de invadir a calzada para acceder o recinto escolar.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en vinte cinco mil oitocentos catorce euros con sesenta euros, **25.814,60 €**, IVE incluído, que será financiado pola Axencia Galega de Infraestruturas con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da axencia para o 2021.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilariño de Conso e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.





5.- Xustificación da concesión directa dunha subvención

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 19,4 c), establece que poderán concederse de forma directa as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras que debidamente xustificadas dificulten a súa convocatoria pública.

As actuación obxecto deste convenio proxéctase nun concello no que concorre a circunstancia excepcional de non contar con ningún vial autonómico que discorra polo seu ámbito territorial, polo que non é obxecto de investimentos en materia de estradas nin de modo ordinario nin extraordinario por parte da Administración Autonómica.

Considérase que as circunstancias expostas xustifican a sinatura do convenio co concello de Vilariño de Conso, dado que o concello non pode facer fronte o custo de dita actuación que a propia Dirección Xeral de Tráfico resaltou como prioritaria. Estas razóns xustifican a concesión directa dunha subvención a este concello ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias

